



SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 21 DE DECEMBRO DE 2016

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás dezanove horas e trinta minutos do día vinte e un de decembro de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión extraordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1840 de data 18 de novembro de 2016: don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, don Juan González Leirós, dona Leonor Fernández Grande, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e don Daniel Carballada Rodríguez.

Non asiste e presenta escusa dona Josefa Vázquez Soto.

Faise constar que asisten á sesión dona M^a Dolores Blanca García Fernández, concelleira con delegación especial dos servizos de Participación Cidadá e Movemento Asociativo, incluídos na Área de Presidencia, isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examinouse o asunto incluído na orde do día da convocatoria.

- Incoación de expediente para a resolución do contrato suscrito entre o Concello de Cambre e a entidade "ENXEÑEIROS E ARQUITECTOS CONSULTORES IDOM, S.A., ARNAIZ CONSULTORES, S.L., UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS, Lei 18/1982 de 26 de maio sobre réxime fiscal de agrupacións e unións temporais" (IDOM-ARNAIZ UTE), para a redacción do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Cambre. Expediente: 2010/4-3 SERV.

Vista a proposta de Alcaldía de data 20 de decembro de 2016 que literalmente se transcribe a continuación:

"Visto o informe emitido polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior responsable do contrato, de data 16 de decembro actual, no que tendo en conta o ditame do Consello Consultivo de Galicia de data 30 de novembro actual, polo que se informou favorablemente o expediente de "interpretación do contrato de redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Cambre adjudicado á entidade IDOM-ARNAIZ UTE", número CCG 248/16, e, polo tanto, a formulación do Concello de Cambre de que o contratista ten que adaptar o PXOM ao novo marco legal sen custe ningún para as arcas municipais, formula proposta de resolución do contrato por incumprimento do prazo improrrogable de dous meses concedido a IDOM-ARNAIZ UTE por Resolución de Alcaldía do 25 de febreiro de 2016.

Visto o informe emitido pola Secretaría e Intervención municipais de data 20 de decembro de 2016 que literalmente se transcribe a continuación:



“ANTECEDENTES

1.- Con data 14 de decembro de 2010 formalízase contrato administrativo con “ENXEÑEIROS E ARQUITECTOS CONSULTORES IDOM, S.A., ARNAIZ CONSULTORES, S.L., UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS, Lei 18/1982 de 26 de maio sobre réxime fiscal de agrupacións e unións temporais” (IDOM-ARNAIZ UTE), para a redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Cambre, no prezo ofertado de 346.698,39 €, IVE incluído.

2.- Tras numerosas incidencias xurdidas ao longo da execución do contrato, e logo de diversos informes emitidos polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior responsable do contrato, nos que se fai constar o atraso no cumprimento do prazo parcial de 7 meses para a presentación do PXOM completo para informe previo á aprobación inicial, atraso que non é achacable, de ningún modo, ao concello, con data do 10 de xaneiro de 2014 dítase resolución do concelleiro delegado de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación, nº 42/2014 (Folios 281 e 282 do expediente), pola que se incoa expediente de resolución do contrato do PXOM de Cambre.

Tramitado o expediente resolutorio, con data do 28 de marzo de 2014, dítase Resolución nº 634/2014, do mesmo concelleiro-delegado, pola que se acorda o arquivo do expediente resolutorio incoado.

3.- A anterior resolución foi notificada á UTE adjudicataria con data do 9 de abril de 2014, (folios 315 ao 318 do expte.), rematando, pois, o prazo para a entrega do documento para aprobación inicial outorgado o día **10 de setembro de 2014**.

Con datas do 22 de setembro, 2 de outubro, 3 de novembro e 25 de novembro de 2014 entrégase documentación pola UTE adjudicataria do PXOM.

Desde ese momento (sobrepasado xa o prazo outorgado), ata o mes de febreiro de 2016, emitíronse numerosos informes por parte dos técnicos municipais, que fan referencia a deficiencias nos traballos realizados, ou incumprimentos de diversa índole na execución do contrato. Así :

- Informe emitido conxuntamente polos departamentos municipais de Planeamento e Xestión, e Servizos, con data do 01/12/2014, (Folios 337 e 338 do expediente), no que se fai referencia a defectos no documento presentado, concluíndo que a documentación presentada non é suficiente para poder enviala aos distintos organismos mencionados e que, previamente á aprobación inicial do PXOM, deben emitir informe sobre este.

Con datas do 24 e 26 de febreiro de 2015, faise entrega pola UTE adjudicataria no Concello de Cambre de diversos exemplares en formato dixital do Documento para informe previo á aprobación inicial do PXOM.(Folios 348 e 349 do expte.)

Trala remisión á entidade adjudicataria, de diversos informes sectoriais, co fin de que proceda a efectuar no documento do PXOM as adaptacións que derivan dos anteditos informes, con data do 20/05/2015 preséntanse dous exemplares en formato dvd pola UTE adjudicataria (Folio 400 do expte.)

- Con data do 4 de agosto de 2015, emítese informe polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior municipal (responsable do contrato), referido ao cumprimento do prego de prescricións técnicas e estado de execución do contrato, no que se conclúe que *“faise preciso que se proceda polo equipo redactor de IDOM-ARNAIZ UTE, á aclaración, corrección, modificación, reordenación e ampliación das cuestións e documentos integrantes do PXOM... co fin de*



axustalos ao contrato para a redacción do PXOM e ao contido esixido no prego de Prescricións Técnicas que rexen o mesmo e na LOUGA..." (Folios 440 ao 448 do expte.)

- O 25 de setembro de 2015 emítese informe polo arquitecto municipal- xefe da Sección de Planeamento e Xestión, desfavorable aos traballos realizados, ao mostrar a desconformidade do plan coa lexislación vixente e a falta de calidade técnica da ordenación proxectada. (Folios 464 ao 468)
- Con data do 29 de xaneiro de 2016 emítese informe polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior, no que se indica que o PXOM presentado adolece dunha serie de deficiencias e incorreccións que impiden que se poida considerar realizado a satisfacción (Folios 478 ao 480).

4.- O 25 de febreiro de 2016, o Sr. alcalde dita a Resolución nº 307/2016 (Folio 490 do expte), pola que se concede á adxudicataria do contrato o **prazo de dous meses improrrogables para a realización das modificacións, correccións e adaptacións do PXOM derivadas, tanto dos informes municipais e sectoriais emitidos polas distintas administracións públicas, como da obriga de adaptar plenamente o mesmo á Lei 2/2016 do 10 de febreiro, do solo de Galicia**, de conformidade coas cláusulas 4ª in fine e 5ª das administrativas que rexen o contrato e coa Disposición Transitoria Segunda 3ª da dita lei, prazo no que igualmente deberá presentarse este PXOM debidamente modificado, corrixido e adaptado á nova Lei do solo de Galicia 2/2016, tanto en formato papel como en soporte dixital.

5.- Con data 1 de abril de 2016, o xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior (responsable do contrato), elabora unhas **"Instrucións sobre execución traballos redacción do PXOM"**, que foron recibidas pola UTE adxudicataria do contrato o día 6 de abril seguinte, nas que se lle aclara ao contratista que o prazo outorgado de dous meses é para a redacción do borrador do plan e do documento inicial estratéxico esixidos no artigo 60.2 da Lei 2/2016, co fin de iniciar de novo a tramitación do documento e adaptalo ao novo marco legal. (Folio 512 do expte.)

6.- Con data do 25 de abril de 2016, rexístrase de entrada no Concello de Cambre ao nº 4/569, un escrito de **interposición de recurso de reposición** formulado pola UTE adxudicataria contra a antedita Resolución da Alcaldía nº 307/2016, do 25 de febreiro, pola que se concedía á adxudicataria do contrato o prazo improrrogable de dous meses para a realización de distintas modificacións, correccións e adaptacións no PXOM presentado (Folios 519 ao 523 do expte), no que vén a concluír que a empresa deu cumprimento a todos os requirimentos que se lle efectuaron dende o Concello, e respecto da adaptación dos traballos á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e do medio rural (LOUGA), a súa esixencia por parte do Concello supón unha modificación substancial das condicións do contrato que se leva a cabo sen seguir o procedemento establecido como consecuencia de que, tratándose dunha cuestión interpretativa e controvertida, tense acordado sen o preceptivo ditame do Consello Consultivo, polo que a Resolución ditada sería nula de pleno dereito.

7.- Con data do 23 de maio de 2016 emítese informe polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior, responsable do contrato, no que se dá resposta técnica ás distintas alegacións formuladas pola UTE adxudicataria no seu escrito de interposición de recurso, (Folios 528 ao 533 do expte.).

8.- Con data do 3 de xuño de 2016 emítese informe pola técnica de xestión de Administración xeral, coa conformidade da secretaria accidental e máis do interventor municipais, (Folios 535 ao 537 do expte.), no que se propón a **incoación dun expediente para a resolución da discrepancia interpretativa** xurdida entre o Concello de Cambre e a entidade "ENXEÑEIRO E ARQUITECTOS CONSULTORES IDOM, S.A., ARNAIZ CONSULTORES, S.L., UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS, Ley 18/1982 de 26 de maio sobre réxime fiscal de agrupacións e unións temporais" (IDOM-ARNAIZ UTE), consistente en determinar se a



entidade contratista ten a obriga ou non, de conformidade co establecido nas cláusulas 5 e 23 do prego de cláusulas administrativas particulares e punto primeiro do prego de prescricións técnicas, de asumir, sen incrementar o prezo contractual, a obriga de efectuar no documento presentado as adaptacións derivadas dos informes municipais e sectoriais, así como da entrada en vigor da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

A incoación do dito expediente interpretativo foi aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Cambre, na súa sesión do día 6 de xuño de 2016 (Folios 541 ao 543).

9.- Emitidos os correspondentes informes técnicos, e concedida audiencia ao contratista por cinco días hábiles para formular alegacións, a **Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria do 29 de xullo de 2016 acordou continuar a tramitación do expediente, con remisión deste ao Consello Consultivo de Galicia para os efectos de emisión do correspondente ditame.**

O expediente tivo entrada no Consello Consultivo o 29 de xullo de 2016.

10.- Con data 10 de agosto de 2016, rexistrouse de entrada ao núm. 0/6770, **acordo da Sección de Ditames do Consello Consultivo adoptado o 5 de agosto de 2016** polo que, dado o cúmulo de asuntos en trámite, acordouse, excepcionalmente, **ampliar o período de emisión do preceptivo ditame por un prazo dun mes**, que comezará a contar a partir da data de vencemento do dito prazo, é dicir, **do día 29 de agosto de 2016.**

11.- En sesión ordinaria **do 17 de agosto de 2016, a Xunta de Goberno Local** acordou declarar suspendido o prazo para resolver o procedemento e notificar a resolución dende que a petición tivo entrada no Consello Consultivo **o día 29 de xullo de 2016**, ata a recepción do informe, sen que o prazo de suspensión poida exceder, en ningún caso, de tres meses, isto con base no establecido no artigo 42.5 c) da Lei 30/1992, do 26 de novembro e con base no acordo adoptado polo Consello Consultivo o 5 de agosto de 2016.

O acordo da Xunta de Goberno Local foi notificado á empresa adxudicataria.

12.- Con data 6 de setembro de 2016 rexistrouse de entrada ao núm. 4/1470, certificado do **acordo adoptado pola Sección de Ditames o 1 de setembro de 2016, polo que se concede á empresa "IDOM-ARNAIZ UTE" un prazo de 10 días hábiles para formular alegacións por escrito.**

13.- Con data 10 de outubro de 2016 rexístrase de entrada ao núm. 4/1669, certificado do **acordo adoptado pola Sección de Ditames do Consello Consultivo o 5 de outubro de 2016**, polo que, ante o escrito de alegacións presentado ante o dito órgano o 19 de setembro de 2016 por IDOM-ARNAIZ UTE, **requírese ao Concello de Cambre para que proceda a outorgar un novo trámite de audiencia**, con devolución do expediente, e concedendo para tal fin o prazo de 1 mes dende a recepción do acordo (é dicir, ata o 10 de novembro de 2016).

14.- A Xunta de Goberno Local do Concello de Cambre, con data do 7 de novembro actual, acordou, entre outros pronunciamentos, continuar co incidente de discrepancia interpretativa con proposta do órgano de contratación e remisión do expediente con solicitude de ditame ao Consello Consultivo de Galicia.

O punto quinto da parte dispositiva do antedito acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local con data do 7 de novembro de 2016, contén a proposta de acordos a adoptar, para que fose ditaminada polo Consello Consultivo de Galicia, do seguinte teor literal:



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

“Quinto : Comunicar ao Consello Consultivo e á UTE adxudicataria que, á vista da desestimación das alegacións formuladas nos distintos trámites de audiencia que foron outorgados á entidade contratista, a proposta de resolución a adoptar polo Concello de Cambre (sen prexuízo do que resulte do Ditame emitido polo Consello Consultivo), sería a seguinte:

“ Primeiro : Resolver a discrepancia interpretativa xurdida entre o Concello de Cambre e a entidade “ENXEÑEIROS E ARQUITECTOS CONSULTORES IDOM, S.A., ARNAIZ CONSULTORES, S.L., UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS, Ley 18/1982 de 26 de maio sobre réxime fiscal de agrupacións e unións temporais” (IDOM-ARNAIZ UTE), adxudicataria do contrato de redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Cambre (exp. nº 2010/4-3 SERV.) , no sentido de entender que a adaptación do documento presentado ás modificacións legais que require a Lei 2/2016 do Solo de Galicia, non constitúe por si unha modificación do contrato, nin precisa dun expediente modificatorio, xa que tal adaptación está incluída dentro dos traballos a realizar, sen implicar modificación do prezo do contrato, e, polo tanto, debe ser efectuado pola entidade adxudicataria sen implicar custo ningún para o concello.

Segundo : En consecuencia co anterior, desestimar o recurso de reposición interposto contra a Resolución da Alcaldía nº 307/2016, de data 25 de febreiro actual, á vista das distintas respostas ás alegacións formuladas pola UTE recorrente, que derivan dos informes técnicos emitidos polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior con datas do 23 de maio de 2016 , 7 de xullo de 2016 e 31 de outubro de 2016, polo arquitecto municipal, xefe da Sección de Planeamento e Xestión, con datas do 7 de xuño de 2016, 22 de xullo e e 2 de novembro de 2016, e pola Secretaría e Intervención municipais con datas do 17 de xuño de 2016 , 27 de xullo de 2016, 14 de outubro e 4 de novembro de 2016, e dos que, resumidamente, resultan as seguintes conclusións que desvirtúan todas e cada unha das alegacións formuladas pola entidade recorrente :

- *Toda a información da que dispón este concello foille debidamente facilitada ao equipo redactor para que efectuase o seu traballo.*
- *A UTE adxudicataria do contrato era, e así consta no expediente, sobradamente coñecedora dos motivos da Resolución recorrida, e das pautas a seguir na elaboración do PXOM.*
- *O documento para aprobación inicial do PXOM entregado non resulta válido para o seu uso e destino, xa que o PXOM presentado resulta incompleto, e con necesidade de modificación e corrección, ademais de adaptación á nova Lei do solo de Galicia.*
- *Numerosos incumprimentos contractuais por parte da entidade adxudicataria, que provocaron desde a imposición dunha sanción económica por atraso na execución dos traballos, ata a incoación dun expediente para resolver o contrato por defectuosa execución dos traballos, motivan que a día de hoxe o Plan xeral de ordenación municipal non estea preparado para a súa remisión á Xunta de Galicia, e que ademais, aínda se ten que corrixir e adaptar aos informes sectoriais que desde abril de 2015 lle foron remitidos á UTE adxudicataria, así como aos distintos informes municipais remitidos , así como adaptalo á Lei 2/2016 do solo de Galicia.*
- *A circunstancia anterior imposibilita que nos atopemos dentro do ámbito da segunda fase do pagamento contemplada na cláusula cuarta do contrato suscrito, que habilitaría para aboar ao contratista o 30% do prezo do contrato.*
- *Non sería ata o 14 de decembro de 2016 cando vencería o prazo máximo de seis anos contemplado na normativa como duración dos contratos de servizos, e, de chegar a el, tal situación sería producida polos numerosos incumprimentos e atrasos provocados pola entidade adxudicataria, que levarían á extinción do contrato, pero non polo mero transcurso do tempo, senón por incumprimento imputable ao*

contratista, sendo este aspecto obxecto dun expediente diferente ao actual incidente interpretativo no que nos atopamos

- A adaptación do documento presentado ás modificacións legais que se produzan, non constitúe por si unha modificación do contrato, nin precisa dun expediente modificadorio, xa que tal adaptación está incluída dentro dos traballos a realizar, sen implicar modificación do prezo do contrato. Adaptación que, por outra banda, non resulta significativa nin cuantificable, segundo informan os técnicos municipais, xa que :

- Se ben a adaptación do PXOM á nova lei galega implica a elaboración de dous documentos ex novo, (non contemplados, polo tanto, no prego técnico inicial), que son o "borrador do plan" e mailo "documento inicial estratéxico", non é menos certo que estes dous documentos se confeccionan, tal e como xa informaron os especialistas técnicos municipais (arquitecto e xefe da Área de Urbanismo), partindo e recuperando en gran medida a documentación xa existente e elaborada.
- Non pode estimarse a alegación relativa a que a adaptación do PXOM á nova lei leva consigo a execución de trámites que non están contemplados nos diferentes fitos apuntados nos pregos, (o que provocaría a xuízo da adxudicataria a resolución do contrato), por canto que tales fitos ou fases de elaboración do Plan Xeral de Ordenación Municipal recollidos no apartado 3 do Prego de Prescricións Técnicas non só non cambiaron, senón que se reduciron ou eliminaron, agás a modificación da denominación dalgún documento.

Así, en concreto :

- o A fase de "Información urbanística e diagnóstico" é a mesma;
- o A fase de "Documento de Inicio ou Avance" segue sendo a mesma coa denominación de "Documento Inicial Estratéxico e Borrador do Plan";
- o A fase de "Documento para informe previo á Aprobación Inicial" desaparece, por canto o devandito informe previo autonómico agora emítese sobre o documento da fase anterior, e non sobre o documento completo do Plan Xeral de Ordenación Municipal como anteriormente ocorría;
- o A fase de "Documento para Aprobación Inicial" segue sendo a mesma;
- o E a fase última de "Documento para Aprobación Provisional e Definitiva" tampouco varía.

Como indican o xefe da Área de Urbanismo no seu informe do 31 de outubro actual, e mailo arquitecto municipal no seu informe de data 02 de novembro de 2016:

- O novo documento denominado "Estudo da Mobilidade" que vai unido ao Estudo do Medio Rural e Análise do Asentamento Poboacional xa estaba esixido no seu contido polo Prego de Prescricións Técnicas que rexe o contrato para a redacción do PGOM, na Memoria Xustificativa que se ten que presentar, apartado 4º do Prego.

- O novo documento esixido polo artigo 58 da Lei 2/2016 chamado "Memoria Xustificativa da adaptación ao ambiente e protección da paisaxe" xa se esixía no seu contido polo apartado 4º, epígrafe "Xustificación das determinacións da Memoria xustificativa", do Prego de Prescricións Técnicas.

- O "Estudo Ambiental Estratéxico e Declaración Ambiental Estratéxica" que vén substituír ao anterior informe de sustentabilidade ambiental e memoria ambiental, se atopa entre as obrigas da entidade adxudicataria do contrato, toda vez que o PXOM ten que con ter as

“medidas de prevención, corrección, mitigación e adaptación ás consecuencias de alta probabilidade do cambio climático, considerando, así mesmo, as de media certeza”, e iso porque o documento de referencia para a Avaliación Ambiental Estratéxica do PXOM elaborado e aprobado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas así o esixía.

- E o mesmo pasa co documento chamado *“Planos de Información”*, por canto que agora a Lei 2/2016 esixe que inclúa *“as afeccións sectoriais”*, pero é que estas afeccións sectoriais, aínda que o artigo 61 da LOUGA non as esixía expresamente, si que as tiña que indicar o contratista por esixencia do Prego de Prescricións Técnicas , apartado 4º, epígrafe *“Planos de Información”*, que igualmente establece, para a Memoria Xustificativa , que esta ha de conter *“o estado actual da rede ferroviaria no termo municipal, coas súas áreas de dominio público, servidume e outras afeccións”*.

- O documento do PXOM que se denomina *“Informe xustificativo do cumprimento da normativa sectorial aplicable”*, deriva da obriga contractual contemplada no Prego de Prescricións Técnicas que rexen o contrato, no apartado 4º, sobre a *“Memoria Xustificativa”*, epígrafe *“Xustificación das determinacións”*, esixe que o redactor do PXOM, é dicir IDOM-ARNAIZ, UTE, debería de incluír no documento unha *“xustificación detallada do cumprimento da lexislación sectorial que afecte á ordenación urbanística”*.

- A nova Lei 2/2016, do Solo de Galicia, implica iniciar de novo o procedemento, pero non modificar a documentación ambiental realizada, que se supón obxectiva e que non debe variar por cambiar a denominación de *“anteproxecto”* (termino urbanístico art. 84.4 da lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia), por *“borrador”* (en termino da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental e da Lei 2/2016).

- A entrada en vigor do Regulamento da lei 2/2016 é certo que suporá cambios na tramitación pola supresión do informe preceptivo da Secretaría Xeral de Urbanismo previo a aprobación inicial, que se fará no tramite ambiental, pero non quere dicir que se teñan que facer novos documentos, senón que o que resulte do tramite ambiental deberá ter a conformidade da Secretaría Xeral de Urbanismo.

- Sobre a imposibilidade de *“salvar a tramitación ambiental”* do documento de inicio, refírense a iniciar novamente a tramitación, non a redacción dun novo documento, que se supón obxectivo e tecnicamente correcto independentemente de que se teñan que actualizar os datos desfasados.

- *Tampouco pode estimarse , como se deriva do punto anterior, a alegación relativa a que a adaptación do PXOM á nova Lei leve consigo un cambio nas fases para os abonos de honorarios e nas fases ou prazos parciais para a execución do contrato.*
- *Non procede o outorgamento á entidade contratista, de indemnización ningunha, sen que resulte aplicable tampouco a doutrina do “factum principis”, toda vez que existen numerosos e probados incumprimentos do contrato por parte da entidade adxudicataria, e a obriga de adaptación do PXOM á nova normativa atopábase incluída dentro das obrigas contractuais contempladas nos pregos de cláusulas administrativas e técnicas que constitúen lex contractus, e foron aceptadas pola adxudicataria ao se presentar á licitación e asinar o contrato.*
- *Non procede invocar un suposto aumento que excede do 10 % do prezo de adxudicación, (custo que, por outra banda, o contratista non cuantifica) para alegar causa de resolución do contrato ao abeiro*



dos arts. 105 a 107 do RDL 3/2011- TRLCSP, máxime cando , nin esta é a lexislación de aplicación ao contrato, nin, no caso de aplicarlle a que lle corresponde, (arts. 284.c) e 221 da Lei 30/2007), nos atoparíamos ante un suposto de modificación substancial, toda vez que, a adaptación do PXOM á Lei 2/2016, nin modifica os fins e características da prestación inicial, (ao contrario, vén recollida nos propios pregos), nin moito menos afecta a máis do 30% do prezo do contrato.

- O Concello de Cambre deu cumprimento escrupuloso ao disposto no artigo 59 da Lei 30/1992 do 26 de novembro, do réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, no referente á práctica da notificación e trámite de audiencia ao contratista, entregando en man na sede da UTE adxudicataria a documentación precisa, e procedendo a publicar a notificación no BOE nº 167 do 12 de xullo de 2016, e á inserción no Taboleiro de anuncios do Concello do enderezo do interesado e máis do Concello de Cambre, outorgando nova audiencia polo prazo de cinco días, e poñendo a dispor da UTE adxudicataria o expediente completo para o seu exame. Estes trámites de audiencia foron completados con outro posterior, outorgado segundo acordo da Xunta de Goberno Local de data 17/10/16

Terceiro: Notificar aos interesados, con indicación dos recursos que procedan”

O expediente tivo entrada no Consello Consultivo de Galicia o 7 de novembro de 2016.

O día 9 de novembro rexístrase de saída no Concello de Cambre a comunicación formulada á UTE IDOM-ARNAIZ da petición de ditame ao Consello Consultivo de Galicia.

15.- Faise constar que durante a tramitación do expediente de discrepancia interpretativa, e do recurso de reposición interposto, emitíronse numerosos informes polos técnicos municipais, nos que se fai referencia a distintos incumprimentos na execución do contrato. Así consta nos informes seguintes:

- Informe do xefe da Sección de Planeamento e Xestión (arquitecto municipal) emitido o 07/06/2016 (Folios 553 e 554)
- Informe emitido o 17/06/2016 pola técnica de xestión de administración xeral coa conformidade da secretaria accidental e do interventor municipal (Folios 555 ao 568)
- Informe do xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior (responsable do contrato) de data 07/07/2016 (Folios 606 ao 609 do expediente)
- Informe do xefe da Sección de Planeamento e Xestión, de data 22/07/2016 (Folios 616 ao 617)
- Informe xurídico emitido conxuntamente pola técnica de xestión de Administración xeral, a secretaria da Corporación e o interventor municipal, de data 27/07/2016 (Folios 619 ao 628)
- Informe emitido o 31 de outubro de 2016 polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior , responsable do contrato (Folios 728 ao 736 do expte.)
- Informe do xefe da Sección de Planeamento e Xestión, de data 02/11/2016 (Folios 737 ao 740)
- Informe xurídico emitido conxuntamente pola técnica de xestión de Administración xeral, a secretaria da Corporación e o interventor municipal, de data 04/11/2016 (Folios 741 ao 753)

16.- O día 5 de decembro de 2016, rexístrase de Entrada no Concello de Cambre ao nº 0/10388, o ditame adoptado con data do 30 de novembro actual polo Consello Consultivo de Galicia no



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

expediente referente á “Interpretación do contrato de redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Cambre adxudicado á entidade Idom-Arnaiz Ute”, número CCG 248/16.

A conclusión do ditame é “*Que, se ben coa observación á que se refire a precedente consideración sexta, informa favorablemente a proposta de resolución á que o presente expediente se refire.*”

(A consideración sexta fai referencia a que “.. a consideración da extensión temporal na que o contrato se vén executando, e as súas eventuais consecuencias na orde ao seu xeito de extinción, deberán ser consideradas polo órgano de contratación, pois para o suposto de que se teña por transcrito o seu prazo máximo de duración, en ningún caso procederá considerar a concorrencia de eventuais causas de resolución do contrato, senón declarar a súa extinción polo decurso do referido prazo máximo, coa conseguinte liquidación daquel.”)

17.- Con data 16 de decembro actual emítese informe polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior, responsable do contrato, no que, tendo en conta que o ditame do Consello Consultivo de Galicia vén a informar favorablemente a formulación do Concello de Cambre de que o contratista ten que adaptar o PXOM ao novo marco legal sen custo ningún para as arcas municipais, por mandato expreso das cláusulas IV do contrato e 23 do prego de cláusulas administrativas, e tendo en conta que o prazo de 2 meses concedido a IDOM-ARNAIZ UTE pola Resolución do pasado mes de febreiro para a adaptación do PXOM aos distintos informes sectoriais e municipais e á nova Lei 2/2016 ten sido claramente incumplido, sen que se teña presentado ata a data documento ningún modificado e adaptado ao novo marco legal, formula proposta de resolución do contrato por incumprimento do prazo improrrogable de dous meses concedido a IDOM-ARNAIZ UTE por Resolución de Alcaldía do 25 de febreiro de 2016:

- iso de conformidade coa cláusula 27 do prego de cláusulas administrativas que rexen o contrato, que prevé a súa resolución cando o contratista incumpra un prazo parcial, e a cláusula V do contrato, que considera aos prazos concedidos para a reparación de deficiencias igual que aos prazos de execución do contrato.

- con base nos antecedentes obrantes no expediente: por Resolución de Alcaldía de data 14 de agosto de 2013 impúxoselle unha sanción de 16.641,60 euros por incumprimento do prazo para a presentación do PXOM, e por Resolución da Concellería delegada da Área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación de data 10 de xaneiro de 2016 incoúselle expediente para a resolución do contrato por cumprimento defectuoso deste.

- con base nas instrucións de data 1 de abril emitidas polo propio xefe da Área de Urbanismo e notificadas ao contratista, nas que se aclara, despois das conversas mantidas con responsables da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, que o dito prazo de dous meses o é para **a redacción do borrador do plan e do documento inicial estratéxico** esixidos polo artigo 60.2 do novo texto legal para que así se poida adaptar plenamente o documento e a tramitación ao novo marco legal esixido pola Disposición Transitoria Segunda da nova Lei 2/2016.

- ao propio posicionamento do contratista ao longo de todo o expediente.

- o xa indicado nos seus informes de data 29 de maio, 31 de xullo, 18 de novembro e 23 de decembro de 2013, 4 de agosto de 2015, 22 de febreiro, 8 de marzo, 23 de maio, 7 de xullo e 31 de outubro de 2016, aos que se remite.

LEXISLACIÓN APLICABLE



I. – A primeira cuestión que cómpre determinar é a referente á normativa de aplicación ao expediente de contratación que nos ocupa.

A Disposición transitoria primeira, apartado 2, do Real Decreto Legislativo 3/2011 do 14 de novembro, vixente na actualidade, determina que “2.- **Os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da presente lei rexeranse, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, pola normativa anterior.**”

A adxudicación definitiva da contratación do servizo consistente na redacción do PXOM do Concello de Cambre levouse a cabo por Resolución da concelleira delegada de Cultura e Contratación núm. 2726 do 14 de decembro de 2010, formalizándose o contrato o 14 de decembro de 2010, polo que a normativa de aplicación ao expediente está constituída pola **Lei 30/2007 de contratos do sector público, coa modificación que lle foi efectuada pola Lei 34/2010, do 5 de agosto** (publicada no BOE do 9 de agosto de 2010), que modificou as Leis 30/2007, 31/2007 e 29/1998, iso con base na **Disposición transitoria terceira, Procedementos en curso**, da dita lei, que se refire unicamente á tramitación de procedementos de recurso ou de reclamación xa iniciados, e á interposición da cuestión de nulidade e recurso previstos na LCSP e Lei 31/2007, en tanto que, segundo a **Disposición derogatoria**: “*Quedan derogados os artigos 112 a 121, ambos inclusive, da Lei 31/2007, do 30 de outubro, sobre procedementos de contratación nos sectores da auga, a enerxía, os transportes e os servizos postais e todos os demais preceptos, calquera que sexa o seu rango, que se opoñan ao disposto nesta lei.*”, entrando en vigor a lei, segundo a súa **Disposición final terceira**, ao mes da súa publicación no Boletín Oficial do Estado, é dicir, a partir do 9 de setembro de 2010.

Polo tanto, e visto o anterior, resultan de aplicación os artigos 206 e 284 da **Lei 30/2007 de 30 de outubro, de contratos do sector público (en adiante, LCSP)**, vixente no momento da adxudicación do contrato, respecto das causas de resolución dos contratos de servizos, entre as que se atopan, no artigo 206, apartado h) “*as establecidas expresamente no contrato*”.

II. – Art. 207.1 da LCSP e arts.109 ao 112 do Regulamento xeral da Lei dos contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 do 12 de outubro, en diante, RXLAP, respecto do procedemento para a resolución dos contratos.

III.- Art. 208 e 285 da LCSP, respecto dos efectos da resolución dos contratos administrativos.

IV .- Cláusulas 27 e 32 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do contrato no expediente nº 2010/4-3 SERV., e que expresamente acepta e se obriga a cumprir o contratista, respecto das penalidades, e das causas e efectos da resolución do contrato de redacción do PXOM de Cambre.

V.- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, de conformidade co establecido na Disposición Transitoria Terceira, punto a), da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, segundo a cal:

“a) Aos procedementos xa iniciados antes da entrada en vigor da Lei no lles será de aplicación esta, rexéndose pola normativa anterior.”

VI.- Código Civil.

Con base nos antecedentes, e tendo en conta a lexislación aplicable, emítese o presente **INFORME**:



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

PRIMEIRO: O artigo 194 da LCSP establece como prerrogativas do órgano de contratación, interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, así como acordar a súa resolución e determinar os efectos desta.

No exercicio destas prerrogativas, o artigo 94 do RXLCAP dispón que o órgano de contratación ten a facultade de dirección, inspección e control da execución do contrato, podendo ditar as instrucións precisas para que se cumpra o convindo, de conformidade co que se estableza ao respecto no prego de cláusulas administrativas particulares.

Respecto da execución defectuosa e demora dos contratos, o artigo 196 da LCSP establece:

“Artigo 196. Execución defectuosa e demora.

(...)

2. O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a súa realización, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

(...)

7. Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, tivera incumprido a execución parcial das prestacións definidas no contrato, a Administración poderá optar, indistintamente, pola súa resolución ou pola imposición das penalidades que, para tales supostos, se determinen no prego de cláusulas administrativas particulares.

(...)”

Así pois, o órgano de contratación, no exercicio das súas prerrogativas, cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, incumpra a execución parcial das prestacións definidas no contrato, poderá optar, indistintamente, pola súa resolución ou pola imposición das penalidades que se determinen no prego de cláusulas administrativas particulares, e iso sen necesidade de que a administración lle requira o cumprimento (artigo 196.3 LCSP en relación co artigo 1100 do Código Civil, que establece que “*Non será, non obstante, necesaria a intimación do acredor para que a mora exista, cando a obrigación ou a lei o declare así expresamente.*”

Neste sentido, a cláusula 27 do prego de cláusulas administrativas particulares, á que nos referiremos máis adiante, contempla a posibilidade de que ante a demora ou ben ante o cumprimento defectuoso da prestación, **o órgano de contratación poida optar, indistintamente, pola resolución do contrato ou pola imposición de penalidades.**

SEGUNDO: Como se fixo constar nos antecedentes, o xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior, responsable do contrato, formula proposta de resolución do contrato por incumprimento do prazo improrrogable de dous meses concedido, e en aplicación da cláusula 27 das administrativas que rexen o contrato, e a cláusula V in fine do contrato formalizado e demais informes emitidos no seu día.

TERCEIRO: No momento procedimental no que nos atopamos agora, e ante o informe do xefe da área de Urbanismo e Réxime Interior, cómpre indicar o seguinte:

O artigo 204 da LCSP establece que “*Os contratos extinguiranse por cumprimento ou por resolución*”, e segundo a cláusula 32 do prego de cláusulas administrativas particulares “*Son causas de resolución do*



contrato as recollidas no artigo 206 da LCSP, cos efectos previstos no artigo 208, e as previstas no presente prego”.

O artigo 206 letra h) da LCSP, recolle entre as causas de resolución “As establecidas expresamente no contrato” e, a este respecto, a cláusula V do contrato formalizado o 14 de decembro de 2010, no seu último parágrafo, establece “**No caso de demora no cumprimento dos prazos, ou por incumprimento defectuoso da prestación obxecto do contrato, aplicaranse as penalidades establecidas na cláusula 27 do prego administrativo**”, entre as que se atopa, como vimos, a resolución do contrato.

CUARTO: O artigo 207 da Lei 30/2007 establece que a resolución do contrato se acordará polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista, de se-lo caso, seguindo o procedemento que nas normas de desenvolvemento da lei contractual se establezan.

A resolución do contrato poderá instarse por aquela parte á que non lle sexa imputable a circunstancia que dese lugar a ela, (artigo 207.2).

Os artigos 109 ao 112 do Regulamento xeral da Lei dos contratos das Administracións Públicas, regulan o procedemento para a resolución dos contratos, que se acordará polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista, e logo do cumprimento dos requisitos seguintes:

- a) Audiencia do contratista polo prazo de dez días naturais, no caso de proposta de oficio
- b) Audiencia, no mesmo prazo anterior, do avalista asegurador, se se propón a incautación da garantía
- c) Informe do servizo xurídico
- d) Ditame do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, cando se formule oposición polo contratista, (no caso que nos ocupa, Consello Consultivo de Galicia).

O Consello Consultivo de Galicia deberá emitir ditame no prazo dun mes desde a recepción da solicitude, transcorrido o cal entenderase que non existe obxección á cuestión suscitada , (art. 24.1 da Lei 3/2014 do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia, e art. 37, puntos 1 e 3, do Decreto 91/2015 do 18 de xuño, que aproba o Regulamento de organización e funcionamento do Consello Consultivo de Galicia).

Emitido o ditame autonómico, ou, no seu caso, transcorrido o prazo para iso, ditarase resolución motivada, que se notificará con indicación dos recursos que procedan contra ela, e incoarase, no seu caso, procedemento de declaración de prohibición para contratar, tal e como contempla o artigo 49.2.a) da LCSP, (e veremos máis adiante).

QUINTO: A normativa contractual determina que cando o contrato se resolva por incumprimento culpable do contratista, este deberá indemnizar á Administración os danos e perdas ocasionados, de xeito que a indemnización farase efectiva, en primeiro termo, sobre a garantía que, de se-lo caso, se tivese constituído, sen prexuízo da subsistencia de responsabilidade civil do contratista no que se refire ao importe que exceda ao da garantía incautada. (art. 208.4 LCSP).

En todo caso, o acordo de resolución do contrato conterá pronunciamento expreso acerca da procedencia ou non da perda, devolución ou cancelación da garantía constituída, (art. 208.5).



Tendo en conta que a cancelación da garantía ven establecida , dentro das responsabilidades a que están afectas segundo o artigo 88 da LCSP, procede a súa incautación, xa que, segundo establece este mesmo artigo, a garantía responderá dos seguintes conceptos:

- a) Das **penalidades impostas ao contratista**
- b) Da **correcta execución das prestacións contempladas no contrato**, dos gastos orixinados á Administración pola demora do contratista no cumprimento das súas obrigas, e dos danos e perdas ocasionados a esta con motivo da execución do contrato ou polo seu incumprimento, cando non proceda a súa resolución.
- c) Da **incautación que poida decretarse nos casos de resolución do contrato**, de acordo co que nel ou nesta lei estea establecido
- d) (...)

No presente procedemento, a UTE adxudicataria xustificou a constitución de garantía definitiva para responder da execución do contrato por importe de 14.690,61 euros, mediante aval nº 0278221 da entidade "Bankinter", de data 02/12/2010, presentado na Tesourería municipal o día 03/12/2010.

Tendo en conta que xa **existe a imposición dunha penalidade acordada por Resolución da Alcaldía de data 14 de agosto de 2013, por importe de 16.641,60 euros**, no presente suposto a garantía non cubre nin tan sequera a totalidade da sanción, polo que ademais da incautación da garantía, o contratista deberá aboar ao Concello a parte que resta da sanción que lle foi imposta, é dicir, 1.950,99 euros, así como os prexuízos causados ao Concello e que aparecen cuantificados nos informes emitidos e que xa constan no expediente (tanto os emitidos polo arquitecto municipal como os emitidos polo responsable do contrato segundo a enumeración contida no informe emitido o 16 de decembro actual).

SEXTO: O artigo 285 da LCSP establece que a resolución do contrato dará dereito ao contratista, en todo caso, a percibir o prezo dos estudos, informes, proxectos, traballos ou servizos que efectivamente tivese realizado consonte ao contrato e que fosen recibidos pola Administración.

Neste sentido, a cláusula IV do contrato asinado sinala que :

"De conformidade co establecido na cláusula 26 do prego administrativo, o pagamento do prezo do contrato efectuarase de acordo coas seguintes fases:

- *Un 20 % do prezo de adxudicación no momento da formalización do contrato.*
- *Un 30 % do prezo de adxudicación no momento da entrega do documento para aprobación inicial, unha vez corrixidas, de se-lo caso, as posibles deficiencias advertidas no informe da Xunta de Galicia previo a esta.*
- *Un 30 % do prezo de adxudicación trala aprobación provisional.*
- *Un 20 % do prezo de adxudicación trala aprobación definitiva do PXOM, e sinatura da acta de recepción do documento.*

O pagamento efectuarase contra factura expedida de acordo coa normativa vixente, e logo do informe favorable do responsable do contrato-director dos traballos, (o xefe da Área de Urbanismo). A factura será conformada polo responsable do contrato e polo sr. Alcalde ou, de se-lo caso, o concelleiro/a delegado/a correspondente, e seguidamente someterase á fiscalización da Intervención Municipal.

O informe acreditativo da realización das actuacións ou traballos correspondentes a cada unha das fases ás que se fixo referencia na alínea anterior, será emitido polo responsable do contrato. Tal informe deberá referirse ao cumprimento da fase correspondente, do establecido nos pregos administrativos e técnicos, e , no seu caso, daqueles compromisos que na licitación tivese ofertado o contratista, e deberá conter un



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

pronunciamento expreso, (favorable ou desfavorable) relativo á axeitada realización das actuacións correspondentes a cada unha das fases, tal e como se fai constar na cláusula 30 do prego administrativo”.

Tal e como consta no expediente administrativo, por resolución da Alcaldía de data 14 de decembro de 2010, acordouse recoñecer e liquidar a obriga de pagamento á entidade “IDOM-ARNAIZ UTE”, por importe de 69.339,68 euros, correspondentes á factura nº VE2010-01, realizándose o pagamento coa data do 14 de decembro de 2010, mediante transferencia bancaria. Con isto, dáse cumprimento á obriga de pagamento fixada na primeira fase (20 % do importe no momento da formalización do contrato).

No momento procedimental no que nos atopamos, e **á vista do ditame emitido polo Consello Consultivo de Galicia en sesión do 30 de novembro de 2016, ao non terse adaptado os traballos tanto aos informes municipais e sectoriais emitidos polas distintas Administracións públicas como ao marco normativo previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, non procede a recepción dos traballos e, como consecuencia, non habería dereito da UTE adxudicataria á percepción de importe ningún.** (No informe emitido polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior do 16 de decembro actual consta a non presentación do documento modificado e adaptado ao marco legal).

Así, xa no punto segundo do apartado quinto da parte dispositiva do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Cambre con data do 7 de novembro de 2016, (ditaminada favorablemente pola Consello Consultivo de Galicia no expte. 248/16), consta expresamente que :

- *“O documento para aprobación inicial do PXOM entregado non resulta válido para o seu uso e destino, xa que o PXOM presentado resulta incompleto, e con necesidade de modificación e corrección, ademais de adaptación á nova Lei do solo de Galicia.*
- *Numerosos incumprimentos contractuais por parte da entidade adxudicataria, que provocaron desde a imposición dunha sanción económica por atraso na execución dos traballos, ata a incoación dun expediente para resolver o contrato por defectuosa execución dos traballos, motivan que a día de hoxe o Plan xeral de ordenación municipal non estea preparado para a súa remisión á Xunta de Galicia, e que ademais, aínda se ten que corrixir e adaptar aos informes sectoriais que desde abril de 2015 lle foron remitidos á UTE adxudicataria, así como aos distintos informes municipais remitidos , así como adaptalo á Lei 2/2016 do solo de Galicia.*
- *A circunstancia anterior imposibilita que nos atopemos dentro do ámbito da segunda fase do pagamento contemplada na cláusula cuarta do contrato suscrito, que habilitaría para aboar ao contratista o 30% do prezo do contrato.”*

SÉTIMO: O artigo 49.2.a) da LCSP sinala como circunstancia que impide aos empresarios contratar coas Administracións Públicas, entre outras, o *“Dar lugar, por causa da que fosen declarados culpables, á resolución firme de calquera contrato celebrado cunha Administración Pública”.*

A apreciación da concorrencia desta prohibición de contratar requirirá a **previa declaración da súa existencia mediante procedemento para o efecto** (art. 50 LCSP). O alcance e duración desta prohibición determinarase seguindo o procedemento que as normas de desenvolvemento da Lei contractual establezan, atendendo, de se-lo caso, á existencia de dolo ou manifesta mala fe no empresario, e á entidade do dano causado aos intereses públicos. A duración da prohibición non excederá de cinco anos, con carácter xeral, e o procedemento de declaración non poderá iniciarse se tivesen transcorrido máis de tres anos, contados a partir da data na que fose firme a resolución do contrato (art. 50 LCSP).

A declaración da prohibición correspóndelle á Administración contratante, e afectará á contratación coa Administración competente para a súa declaración, sen prexuízo de que o Ministerio de Facenda, logo da



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

comunicación e con audiencia do empresario, considerando o dano causado aos intereses públicos, poida estender os seus efectos á contratación con calquera órgano, ente, organismo ou entidade do sector público.

A eficacia desta prohibición de contratar estará condicionada á súa inscrición ou constancia no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas clasificadas que corresponda, polo que, para os efectos da aplicación destas medidas contempladas no artigo 50 LCSP, as autoridades e órganos competentes notificarán á Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Estado e aos órganos competentes das Comunidades Autónomas as sancións e resolucións firmes recaídas nos procedementos mencionados, co fin de que se poidan instruír os expedientes previstos no artigo 50 ou adoptarse as resolucións que sexan pertinentes e proceder, de se-lo caso, á súa inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas que sexa procedente.

Cómpre sinalar, con respecto aos efectos da prohibición para contratar, que as unións temporais de empresarios non contan, por si mesmas, con personalidade xurídica propia, polo que **o alcance da prohibición afectaría, por separado, ás empresas que a constitúen**. Esta falta de personalidade ven sinalada, entre outros, no artigo 7 da *Lei 18/1982, do 26 de maio, sobre réxime fiscal de agrupacións e unións temporais de empresas e das sociedades de desenvolvemento rexional*, así como no informe 9/2006 do 20 de novembro, da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Generalitat de Cataluña, que contempla que:

*“Con respecto ás UTEs, o seu réxime xurídico básico na normativa de contratación administrativa se atopa recollido no artigo 24 do Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo cal se aproba o Texto refundido da Lei de contratos das Administracións públicas (de agora en diante, TRLCAP). Esta disposición, con carácter básico, prevé a posibilidade de que as empresas, coa finalidade de contratar coa Administración pública, poidan asociarse de forma temporal e circunstancial nunha unión temporal de empresas **que non goza de personalidade xurídica propia e independente da dos membros que a integran**. Se constata, pois, un primeiro elemento esencial diferenciador entre as AIE e las UTEs: aínda que as UTEs acreditan capacidade de obrar para poder executar contratos administrativos, **non gozan de personalidade xurídica propia e diferenciada respecto dos seus membros integrantes**-. Este factor diferencial modula e condiciona o respectivo réxime xurídico de estas institucións e, en concreto, o que fai referencia ao sistema de clasificación empresarial que se tratará máis adiante.”*

Así mesmo, na Resolución 2/2006 dos recursos especiais en materia de contratación da Comunidade Autónoma das Illes Balears, sinalase que *“será a todos e cada un dos empresarios integrantes da UTE aos que se apliquen as limitacións ou prohibicións para contratar”*.

OITAVO: Por último, procede facer referencia ao transcurso do prazo contractual ao que se refire o Consello Consultivo de Galicia no seu ditame de data do 30 de novembro actual no expediente referente á “Interpretación do contrato de redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Cambre adxudicado á entidade Idom-Arnaiz Ute”, número CCG 248/16.

A conclusión do ditame é *“Que, se ben coa observación á que se refire a precedente consideración sexta, **informa favorablemente** a proposta de resolución á que o presente expediente se refire.”*

A consideración sexta fai referencia a que *“.. a consideración da extensión temporal na que o contrato se vén executando, e as súas eventuais consecuencias na orde ao seu xeito de extinción, deberán ser consideradas polo órgano de contratación, pois para o suposto de que se teña por transcorrido o seu prazo máximo de duración, en ningún caso procederá considerar a concorrencia de eventuais causas de*



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

resolución do contrato, senón declarar a súa extinción polo decurso do referido prazo máximo, coa conseguinte liquidación daquel."

Partindo do feito de que a lexislación contractual **soamente se refire á finalización dos contratos, ben por cumprimento, ou ben por resolución** (que se produce polas causas taxadas sinaladas na Lei, art. 206 LCSP, entre as que, como vimos, non se atopa o transcurso do tempo), cómpre sinalar que a esta circunstancia xa nos referimos nos nosos informes de datas 17 de xuño e 27 de xullo de 2017, (Folios 555 ao 568 do expte. e 619 ao 628), no último dos cales se indica que :

"Primeira . Situación actual do contrato existente entre o Concello de Cambre e IDOM-ARNAIZ UTE.

Neste apartado cómpre sinalar que a entidade adxudicataria reincide nun aspecto xa alegado no recurso de reposición, e que se refire a que "a duración do contrato ten superado as previsións legais establecidas e está incurso en causa de resolución, como xa temos exposto con anterioridade no recurso de reposición interposto contra o Acordo da Alcaldía do 25 de febreiro de 2016".

Partindo, por suposto, do feito de que o Concello de Cambre nega expresamente que os retrasos producidos na execución do contrato sexan imputables á administración, como queda sobradamente explicado nos informes emitidos polo xefe de Urbanismo municipal de datas 23 de maio e 7 de xullo de 2016, e maillo informe conxunto de Secretaría-Intervención do 17 de xuño actual, cómpre sinalar que non sería ata o 14 de decembro de 2016 cando vencería o prazo máximo de seis anos contemplado na normativa, e, de chegar a el, tal situación sería producida polos numerosos incumprimentos e atrasos provocados pola entidade adxudicataria, que levarían á extinción do contrato, pero non polo mero transcurso do tempo, senón por incumprimento imputable ao contratista, sendo este aspecto obxecto dun expediente diferente ao actual incidente interpretativo no que nos atopamos, (...)

Así, como xa se fixo constar no informe conxunto de Secretaría-Intervención do 17 de xuño, o anterior art. 279 da Lei 30/2007, (aplicable ao contrato), sinala que:

"Os contratos de servizos non poderán ter un prazo de vixencia superior a catro anos coas condicións e límites establecidos nas respectivas normas presupostarias das Administracións Públicas, aínda que poderá preverse no mesmo contrato a súa prórroga por mutuo acordo das partes antes da finalización daquel, sempre que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, non exceda de seis anos, e que as prórrogas non superen, illada ou conxuntamente, o prazo fixado orixinariamente..."

*Indícase no informe do 17 de xuño que "Tendo en conta que o contrato foi asinado con data 14 de decembro de 2010, o prazo máximo de seis anos contemplado na normativa, e ao que parece referirse a UTE adxudicataria, non vencería ata o vindeiro día **14 de decembro de 2016, (...)** polo que **non resulta procedente analizar as posibles consecuencias deste termo, nin decidir neste momento, e ata en tanto non se dilucide o expediente interpretativo**, tendo en conta, non obstante, á vista do manifestado polo recorrente, que non se trataría dunha causa de resolución, dado que non se atopa entre as recollidas no artigo 206 da Lei 30/2007, e **chegado o momento, no seu caso, o Concello podería declarar a extinción por causa imputable ao contratista, tal e como se deriva do exposto, coas correspondentes indemnizacións a que houbera lugar.**"*

Xa se analizaba pois, a circunstancia de que, **de se producir a chegada deste termo temporal, (14 de decembro de 2016), esta circunstancia viría producida**, ademais de polo notable atraso no que se recibiron distintos informes sectoriais previos e preceptivos para a aprobación inicial do documento (sirva como exemplo que o informe sobre afección de infraestruturas enerxéticas da Área de Industria e Enerxía



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

da Subdelegación do Goberno na Coruña é recibido no Concello o 16 de febreiro de 2016, cando foi solicitado o 15 de decembro de 2014), **polos numerosos incumprimentos contractuais dos que non pode verse prexudicada a Administración, por non ser responsable deles**, e que, ademais, visto o resultado do expediente de discrepancia interpretativa incoado, vese reforzado pola circunstancia de que, desde o momento no que se acorda a incoación do expediente de discrepancia interpretativa, e se remite o expediente ao Consello Consultivo de Galicia (no que tivo entrada o 29 de xullo de 2016), **o Concello de Cambre contaba con que, a partir do 29 de agosto de 2016, puidese dispor do ditame que o habilitaría para a incoación dun posible expediente resolutorio, para o que disporía do prazo de tres meses para a súa tramitación, que tería rematado, pois, a finais do mes de novembro de 2016 (data anterior ao transcurso dos seis anos contemplados na lei), expediente que non puido incoar como consecuencia das interrupcións do prazo para resolver ditadas polo Consello Consultivo e derivadas, en boa medida, pola actitude obstrucionista do adxudicatario.**

Esa actitude obstrucionista ten sido a tónica xeral na elaboración do documento correspondente ao 2º prazo parcial incumprido: o de 7 meses para presentación do PXOM completo para informe previo á aprobación.

Baste salientar ao respecto que despois da imposición da sanción por 16.641,60 euros por incumprimento do prazo para a presentación do PXOM (Resolución da Alcaldía do 14 de agosto de 2013), e da incoación do expediente para a resolución do contrato polo seu incumprimento defectuoso (Resolución da Concellería delegada da Área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación do 10 de xaneiro de 2014), foi o propio contratista o que no escrito de oposición á resolución do contrato, rexistrado de entrada ao núm. 0/1085 o 10 de febreiro de 2014, manifestou: *“a plena predisposición e firme compromiso da UTE, e en particular da súa sociedade integrante IDOM, para proceder, de forma inmediata e efectiva tan pronto como así se autorice polo Concello, a subsanalar, corrixilas e emendalas, así como para adoptar de forma consensuada cantas medidas correctoras e correctivas se estimen oportunas e necesarias para garantir a continuidade da prestación do servizo ata a súa consecución completa en conformidade e satisfacción dese Concello.”*

E foi o propio contratista o que, mediante escrito rexistrado de entrada no Concello de Cambre ao núm. 04/252, o 6 de marzo de 2014, propuxo que se lle concedera o prazo de **5 meses** para a realización dos traballos: *“... por medio do presente infórmase e comprométese ao seguinte:*

i) Respecto do prazo no que de maneira firme, pechada e improrrogable se presentaría o PXOM para a súa aprobación inicial, sería de cinco (5) meses, entendido como prazo efectivo de traballo baixo control do equipo redactor, excluídos os tempos debidos a cuestións alleas ou non imputables ao equipo redactor...”

e o Concello limitouse a aceptar o prazo proposto, ao que debe engadirse os **dous meses** concedidos mediante Resolución de Alcaldía núm. 307/2016, do 25 de febreiro.

En conclusión, o propio contratista incumpre o prazo que el mesmo se tiña imposto, isto dilatando o procedemento con argumentacións que concluíron coa emisión do ditame do Consello Consultivo de 30 de novembro de 2016.

Pero non só se constatan as continuas actuacións torticeras do contratista para non cumprir coas obrigas adquiridas no seu día coa formalización do contrato, senón que, como puido comprobar o propio Consello Consultivo, intentou seguir dilatando o procedemento incluso ante o dito órgano, obrigándolle a interromper o prazo de emisión de ditame (concedéuselle un prazo de 10 días para presentar alegacións, e devolveuse o expediente ao Concello para un novo trámite de audiencia de 5 días), intentando incluso outra interrupción cunha nova petición de vista do expediente solicitada o 15 de novembro de 2016 que, neste suposto, o dito órgano non considerou procedente.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

O Concello de Cambre, como consecuencia das artimañas dilatorias levadas a cabo polo contratista, non puido incoar un expediente de resolución do contrato en tanto en canto non se resolvera o incidente de discrepancia interpretativa por parte do Consello Consultivo.

Como conclusión, e a xuízo dos funcionarios informantes, **non debe considerarse extinguido o contrato polo transcurso do prazo previsto no artigo 279 da Lei 30/2007, senón que procede a incoación de expediente de resolución do contrato por causa imputable ao contratista por incumprir o prazo improrrogable de dous meses** concedidos na Resolución da Alcaldía do 25 de febreiro de 2016, e que **impediu coa utilización de alegacións motivadas na indefensión, que ata o 5 de decembro de 2016 o Concello de Cambre non puidera contar co ditame favorable do Consello Consultivo** (co que agardaba contar no mes de agosto), **sendo esta condición necesaria para a incoación do correspondente expediente de resolución do contrato.**

Tendo en conta todo o exposto, e con base nos antecedentes e fundamentos xurídicos que constan tanto no presente informe como ao longo do expediente, formulamos ao órgano de contratación a seguinte proposta de acordos a adoptar:

Primeiro: De conformidade co establecido na cláusula 32 do prego de cláusulas administrativas particulares, e no apartado h) do artigo 206 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, (de aplicación ao presente expediente de contratación, hoxe RDL 3/2011 do 14 de novembro), e na cláusula 27 do prego de cláusulas administrativas particulares e cláusula V in fine do contrato formalizado o 14 de decembro de 2010, incoar expediente para a resolución do contrato suscrito coa data do 14 de decembro de 2010 coa entidade "*Enxeñeiros e Arquitectos Consultores IDOM, S.A., Arnaiz Consultores, S.L., Unión Temporal de Empresas, Ley 18/1982 de 26 de mayo sobre Régimen Fiscal de Agrupaciones y Uniones Temporales*", para execución dos traballos de redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Cambre, motivado, en concreto, no incumprimento do prazo de dous (2) meses improrrogables concedido ao contratista mediante a Resolución da Alcaldía núm. 307/2016, do 25 de febreiro para a realización das modificacións, correccións e adaptacións do PXOM derivadas tanto dos informes municipais e sectoriais emitidos polas distintas Administracións públicas, como da obriga de adaptalo plenamente á Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, tal e como se deriva do ditame do Consello Consultivo emitido en data 30 de novembro de 2016, e así se fai constar no informe emitido coa data do 16 de decembro de 2016 polo responsable do contrato, o xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior municipal, ditame do Consello Consultivo que era condición necesaria para a incoación por parte do Concello dun expediente de resolución do contrato, á vista do recurso de reposición interposto polo contratista á Resolución de Alcaldía do 25 de febreiro de 2016 alegando que se estaba levando a cabo unha modificación substancial do contrato sen seguir o procedemento legalmente establecido.

Segundo: De conformidade co establecido nos artigos 207.1 da Lei 30/2007 e art. 109 do RD 1098/2001 de 12 de outubro que aproba o Regulamento xeral da Lei dos contratos das Administracións Públicas, déase audiencia, polo prazo de dez días naturais desde a recepción da notificación destes acordos, á entidade adxudicataria do contrato, "*Enxeñeiros e Arquitectos Consultores IDOM, S.A., Arnaiz Consultores, S.L., Unión Temporal de Empresas, Ley 18/1982 de 26 de mayo sobre Régimen Fiscal de Agrupaciones y Uniones Temporales*", así como á entidade avalista da UTE adxudicataria para a execución do presente contrato, "Bankinter", con vista do expediente, co fin de que poidan alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen convenientes.

Terceiro: Comunicar á entidade adxudicataria que, no caso de que se adopte o acordo definitivo de resolución do contrato por incumprimento do prazo improrrogable de dous (2) meses concedido para o efecto, este acordo pronunciarase expresamente acerca da incautación da garantía definitiva constituída, ademais de cuantificar a indemnización por danos e perdas que resulte da instrución deste expediente a



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

prol do Concello de Cambre, e implicará a incoación de procedemento para declarar a prohibición para contratar co Concello de Cambre das dúas entidades integrantes da unión temporal e responsables solidariamente da resolución do contrato, todo isto de conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 30/2007 de contratos do sector público e artigo 7 da Lei 18/1982, do 26 de maio, sobre réxime fiscal de agrupacións e unións temporais de empresas e das sociedades de desenvolvemento rexional.

Tendo en conta os informes emitidos ao longo do expediente de contratación, e en concreto os emitidos polo arquitecto municipal o 20 de decembro de 2013, e polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior de data 23 de decembro de 2013 no anterior expediente de resolución do contrato respecto da valoración de indemnizacións por danos e perdas, e o emitido polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior de data 16 de novembro de 2016, e sen prexuízo do que resulte da instrución do presente expediente resolutorio, e das alegacións formuladas pola entidade adxudicataria, o acordo de resolución do contrato implicaría:

I.- A incautación da garantía definitiva constituída para responder da execución do contrato, por importe de 14.690,61 euros, mediante aval nº 0278221 da entidade "Bankinter", de data 02/12/2010, presentado na Tesourería municipal o día 03/12/2010, de conformidade co establecido no artigo 88. c) da LCSP.

II.- A fixación dunha indemnización por danos e perdas, esixible á UTE adxudicataria, a prol do Concello de Cambre, por un importe de **1.268.005,50 euros**, que resultan dos derivados, por unha parte, do incumprimento de tres convenios urbanísticos polos que o Concello de Cambre xa adquiriu solo, e que supoñen un total de 1.038.454,50 euros e, por outra banda, dos derivados das perdas en ingresos previstos no propio PXOM e que procederían polo retraso na súa aprobación definitiva, que ascenden a 229.551,00 euros.

Estas cantidades veríanse incrementadas coa diferenza que se producise entre o importe do contrato asinado coa UTE e o que se adxudique polo Concello de Cambre como resultado dunha nova licitación.

Isto sen prexuízo do acordado por Resolución da Alcaldía núm. 1215, do 14 de agosto de 2013, pola que se impuxo á entidade adxudicataria unha penalidade por importe de 16.641,60 euros, e que ao non poderse detraer de facturas pendentes de pago, e ao non ser bastante a garantía definitiva para cubrir as responsabilidades ás que esta afecta, poderá procederse ao cobro mediante o procedemento administrativo de prema, de acordo co establecido nas normas de recadación, iso a teor do establecido no artigo 89.2 da LCSP.

III.- A incoación dun procedemento para declarar a prohibición para contratar co Concello de Cambre das dúas entidades integrantes da unión temporal e responsables solidariamente da resolución do contrato, polo prazo máximo permitido pola lei, que é de cinco anos, isto á vista da repercusión que para o interese xeral ten a aprobación dun Plan xeral de ordenación municipal, e da inviabilidade do documento presentado pola adxudicataria.

IV.- A declaración relativa a que, ao non se axustar o PXOM presentado pola entidade adxudicataria ao establecido no prego de prescricións técnicas reguladoras do contrato, tal e como se deriva do ditame do Consello Consultivo de Galicia de data 30 de novembro de 2016, e informe do xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior, de data 16 de decembro de 2016, non existe dereito da UTE adxudicataria á percepción de importe ningún pola realización de tales traballos, tal e como establece o artigo 285 LCSP, isto sen prexuízo da cantidade aboada á UTE, por importe de 69.339,68 euros, correspondentes á factura nº VE2010-01, da que, por resolución da Alcaldía de data 14 de decembro de 2010, acordouse recoñecer e liquidar a obriga de pagamento á entidade "IDOM-ARNAIZ UTE", realizándose o pagamento coa data do 14 de decembro de 2010, mediante transferencia bancaria, dando así



cumprimento á obriga de pagamento fixada na primeira fase do contrato (20% do importe no momento da formalización do contrato).

E este é o informe que emitimos, sen prexuízo de que o órgano de contratación adopte a resolución que estime oportuna.”

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente do 20 de decembro actual.

Por todo o exposto, tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propono a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro: De conformidade co establecido na cláusula 32 do prego de cláusulas administrativas particulares, e no apartado h) do artigo 206 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, (de aplicación ao presente expediente de contratación, hoxe RDL 3/2011 do 14 de novembro), e na cláusula 27 do prego de cláusulas administrativas particulares e cláusula V in fine do contrato formalizado o 14 de decembro de 2010, incoar expediente para a resolución do contrato subscrito coa data do 14 de decembro de 2010 coa entidade “*Enxeñeiros e Arquitectos Consultores IDOM, S.A., Arnaiz Consultores, S.L., Unión Temporal de Empresas, Ley 18/1982 de 26 de mayo sobre Régimen Fiscal de Agrupaciones y Uniones Temporales*”, para execución dos traballos de redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Cambre, motivado, en concreto, no incumprimento do prazo de dous (2) meses improrrogables concedido ao contratista mediante a Resolución da Alcaldía núm. 307/2016, do 25 de febreiro para a realización das modificacións, correccións e adaptacións do PXOM derivadas tanto dos informes municipais e sectoriais emitidos polas distintas Administracións públicas, como da obriga de adaptalo plenamente á Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, tal e como se deriva do ditame do Consello Consultivo emitido en data 30 de novembro de 2016, e así se fai constar no informe emitido coa data do 16 de decembro de 2016 polo responsable do contrato, o xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior municipal, ditame do Consello Consultivo que era condición necesaria para a incoación por parte do Concello dun expediente de resolución do contrato, á vista do recurso de reposición interposto polo contratista á Resolución de Alcaldía do 25 de febreiro de 2016 alegando que se estaba levando a cabo unha modificación substancial do contrato sen seguir o procedemento legalmente establecido.

Segundo: De conformidade co establecido nos artigos 207.1 da Lei 30/2007 e art. 109 do RD 1098/2001 de 12 de outubro que aproba o Regulamento xeral da Lei dos contratos das Administracións Públicas, déase audiencia, polo prazo de dez días naturais desde a recepción da notificación destes acordos, á entidade adxudicataria do contrato, “*Enxeñeiros e Arquitectos Consultores IDOM, S.A., Arnaiz Consultores, S.L., Unión Temporal de Empresas, Ley 18/1982 de 26 de mayo sobre Régimen Fiscal de Agrupaciones y Uniones Temporales*”, así como á entidade avalista da UTE adxudicataria para a execución do presente contrato, “Bankinter”, con vista do expediente, co fin de que poidan alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen convenientes.

Terceiro: Comunicar á entidade adxudicataria que, no caso de que se adopte o acordo definitivo de resolución do contrato por incumprimento do prazo improrrogable de dous (2) meses



concedido para o efecto, este acordo pronunciarase expresamente acerca da incautación da garantía definitiva constituída, ademais de cuantificar a indemnización por danos e perdas que resulte da instrución deste expediente a prol do Concello de Cambre, e implicará a incoación de procedemento para declarar a prohibición para contratar co Concello de Cambre das dúas entidades integrantes da unión temporal e responsables solidariamente da resolución do contrato, todo isto de conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 30/2007 de contratos do sector público e artigo 7 da Lei 18/1982, do 26 de maio, sobre réxime fiscal de agrupacións e unións temporais de empresas e das sociedades de desenvolvemento rexional.

Tendo en conta os informes emitidos ao longo do expediente de contratación, e en concreto os emitidos polo arquitecto municipal o 20 de decembro de 2013, e polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior de data 23 de decembro de 2013 no anterior expediente de resolución do contrato respecto da valoración de indemnizacións por danos e perdas, e o emitido polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior de data 16 de novembro de 2016, e sen prexuízo do que resulte da instrución do presente expediente resolutorio, e das alegacións formuladas pola entidade adjudicataria, o acordo de resolución do contrato implicaría:

I.- A incautación da garantía definitiva constituída para responder da execución do contrato, por importe de 14.690,61 euros, mediante aval nº 0278221 da entidade "Bankinter", de data 02/12/2010, presentado na Tesourería municipal o día 03/12/2010, de conformidade co establecido no artigo 88. c) da LCSP.

II.- A fixación dunha indemnización por danos e perdas, esixible á UTE adjudicataria, a prol do Concello de Cambre, por un importe de **1.268.005,50 euros**, que resultan dos derivados, por unha parte, do incumprimento de tres convenios urbanísticos polos que o Concello de Cambre xa adquiriu solo, e que supoñen un total de 1.038.454,50 euros e, por outra banda, dos derivados das perdas en ingresos previstos no propio PXOM e que procederían polo retraso na súa aprobación definitiva, que ascenden a 229.551,00 euros.

Estas cantidades veríanse incrementadas coa diferenza que se producise entre o importe do contrato asinado coa UTE e o que se adjudique polo Concello de Cambre como resultado dunha nova licitación.

Isto sen prexuízo do acordado por Resolución da Alcaldía núm. 1215, do 14 de agosto de 2013, pola que se impuxo á entidade adjudicataria unha penalidade por importe de 16.641,60 euros, e que ao non poderse detraer de facturas pendentes de pago, e ao non ser bastante a garantía definitiva para cubrir as responsabilidades ás que esta afecta, poderá procederse ao cobro mediante o procedemento administrativo de prema, de acordo co establecido nas normas de recadación, iso a teor do establecido no artigo 89.2 da LCSP.

III.- A incoación dun procedemento para declarar a prohibición para contratar co Concello de Cambre das dúas entidades integrantes da unión temporal e responsables solidariamente da resolución do contrato, polo prazo máximo permitido pola lei, que é de cinco anos, isto á vista da repercusión que para o interese xeral ten a aprobación dun Plan xeral de ordenación municipal, e da inviabilidade do documento presentado pola adjudicataria.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

IV.- A declaración relativa a que, ao non se axustar o PXOM presentado pola entidade adjudicataria ao establecido no prego de prescricións técnicas reguladoras do contrato, tal e como se deriva do ditame do Consello Consultivo de Galicia de data 30 de novembro de 2016, e informe do xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior, de data 16 de decembro de 2016, non existe dereito da UTE adjudicataria á percepción de importe ningún pola realización de tales traballos, tal e como establece o artigo 285 LCSP, isto sen prexuízo da cantidade aboada á UTE, por importe de 69.339,68 euros, correspondentes á factura nº VE2010-01, da que, por resolución da Alcaldía de data 14 de decembro de 2010, acordouse recoñecer e liquidar a obriga de pagamento á entidade "IDOM-ARNAIZ UTE", realizándose o pagamento coa data do 14 de decembro de 2010, mediante transferencia bancaria, dando así cumprimento á obriga de pagamento fixada na primeira fase do contrato (20% do importe no momento da formalización do contrato)."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita».

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as dezanove horas e corenta e cinco minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Oscar A. García Patiño

Maria Luisa de la Red Ampudia